



CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE OLEIROS PARA A PROMOCIÓE DIFUSIÓE DA CULTURA E O DEPORTE. ANO 2021.

1. Obxecto e finalidade da convocatoria.

1.1. Convócase a concesión de subvencións en réxime de concorrencia, por parte do Concello de Oleiros ás entidades deportivas, culturais e veciñais do Concello, ao abeiro da *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 18 de xaneiro de 2021.*

1.2. O obxecto desta convocatoria é a promoción e impulso de actividades culturais, educativas, deportivas e xuvenís, coa finalidade de fomentar un uso activo e creativo do ocio, contribuir á conciliación da vida familiar, promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega, así como apoiar ás entidades sen fins de lucro na realización de actividades deportivas, con atención especial ás entidades que desenvolvan e potencien as súas actividades deportivas nas categorías inferiores ou de base.

1.3. O Concello poderá excluír da concesión calquera actividade que considere que non serve ás finalidades sinaladas, así como as que promovan, faciliten ou permitan a discriminación de calquera tipo (étnica, social, sexual, ideolóxica, lingüística, etc.) ou sexan incompatibles cos valores de igualdade, libre desenvolvemento da personalidade, laicidade e protección ao medio ambiente.

1.4. Quedan excluídas desta convocatoria os eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor.

2. Importe da convocatoria e aplicación orzamentaria

2.1. A concesión das subvencións imputarase ás seguintes aplicacións, e ata os límites que se detallan:

- A. ANPAs.- 2021/82.3260.48905 (*Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios*).- 54.160,00 euros.
- B. Asociacións de veciños e entidades culturais.- 2021/80.3340.48900 (*Cultura. Promoción cultura. Outras transferencias a Entidades*) .- 35.000 euros.
- C. Entidades deportivas.- 2021/81.341.48903 (*Deportes. Promoción e fom.. Transferencias entidades deportivas*).- 80.000 euros.

2.2. As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

2.3. Unha vez que sexan concedidas as subvencións e despois de comprobar que nalgunha das aplicacións sinaladas non se ten agotada a cantidade máxima orzamentada, se fose necesario para atender a todas as solicitudes, poderase variar o importe máximo, traspasando fondos entre as aplicacións, e tramitando a correspondente modificación orzamentaria de transferencia de crédito se fose necesario. O órgano concedente poderá ordear a estes efectos a liberación dos saldos restantes nas aplicacións que corresponda.

2.4. O importe máximo destas subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

3. Requisitos dos beneficiarios.

3.1. Poderán ser beneficiarios das subvencións ao abeiro das presentes bases: as ANPAS dos Centros de Ensino Público de 2º ciclo de Educación Infantil, Primaria e Secundaria de Oleiros, así como as entidades deportivas, veciñais, culturais, xuvenís e outras entidades sen ánimo de lucro, que cumplan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2020.
- c) Ter un número mínimo de trinta e cinco socios.
- d) Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- f) Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.
- g) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.
- h) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da *Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia*.

3.2. A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos f) e g) será subsanable antes da concesión, previo requerimento ao efecto.

4. Solicitudes

4.1. Lugar e prazo de presentación.- As solicitudes deberán presentarse a través da Sede Electrónica nos modelos normalizados que se inclúen como anexos á presente convocatoria.

O prazo para a solicitude será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Documentación.- As entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do CIF da entidade e DNI do representante.
- b. Anexo 1.- Solicitude.
- c. Anexo 2.- Declaración das outras subvencións solicitadas para o mesmo fin.
- d. Anexo 3.- Certificación de representación e nº de socios.
- e. Anexo 4.- Declaración e compromisos da Presidencia da entidade.
- f. Memoria explicativa das actividades levadas a cabo pola entidade no ano anterior ao da presentación da solicitude de subvención.



- g. Certificado bancario do número de conta onde desexan que se lles ingrese o importe da subvención.
- h. Documentación xustificativa da utilización do galego na publicidade e nas relacións cos usuarios/as.
- i. Anexo 5.- cada entidade deberá presentar o formulario que lle corresponda entre os numerados como 5.1, 5.2, 5.3. e 5.4.

Os documentos sinalados nos apartados a), f) e g) non terán que presentalos as entidades que xa achegaran estes documentos por ter solicitado subvención no ano 2020, sempre que non houberse variación ningunha nos datos.

4.2. Autorizacións.- A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano instrutor para realizar de oficio as consultas de se a entidade se atopa ao día nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En caso de que non se desexe dar esa autorización, deberá sinalarse expresamente, e aportar os correspondentes certificados.

4.3. A Administración poderá demandar das entidades a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión de subvencións.

4.4. Emenda.- Se a solicitude non reúne toda a documentación necesaria, o órgano competente requirirá ó interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5. Concesión.

5.1. A concesión de subvencións á que se refire esta orde efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia e igualdade.

5.2. As subvencións serán concedidas por acordo da Alcaldía, a proposta do órgano instrutor, que será unha comisión coa composición que se detalla na normativa específica de cada ámbito (artigos 13, 14 e 15)

5.3. O acordo deberá adoptarse no prazo de seis meses dende que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

5.4. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas polo órgano instrutor, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

5.5. Efectuada esta avaliación, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Alcaldía para a súa aprobación.

5.6. A concesión será publicada na Sede electrónica.

5.7. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

6. Gastos subvencionables:

6.1. Poderán ser subvencionadas as actividades e gastos correntes que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021, que se detallan na normativa específica de cada ámbito (artigos 13, 14 e 15)

7. Obrigas do beneficiario.

7.1. Ademais das obrigas que se detallan no artigo 10 da Ordenanza, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao seguinte:

7.2. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ao Concello a súa renuncia no prazo máximo de dez días a partir da notificación do outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.

7.3. Facer constar na totalidade da publicidade que realicen da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros:

- a) En todo caso, nos carteis, páxinas web ou outros medios que se utilicen, deberá constar expresamente a colaboración do Concello de Oleiros xunto co anagrama deste e ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada polo Concello de Oleiros". Asimesmo as entidades que teñan páxina web deberán publicitar na mesma a concesión da subvención e o seu importe no momento que o coñezan.
- b) En caso de que non se fixese publicidade impresa, nen se utilicen medios informáticos para publicitar as actividades, deberá fixarse no local social, por un período mínimo dun mes, un anuncio onde conste a concesión da subvención, conceptos e importe. O xeito de acreditar o cumprimento da obriga, neste caso, será mediante unha certificación do Secretario da entidade, co visto e prace do presidente, na que conste que o anuncio estivo exposto e o período de exposición, acompañada dunha fotografía do anuncio realizado.

7.4. Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas por escrito, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.

7.5. Asemade, deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos e os seus correspondentes pagamentos, na medida en que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control nos seguintes catro anos.

7.6. O beneficiario poderá subcontratar total ou parcialmente con terceiros a actividade subvencionada.



- a) De acordo co previsto no artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere os 18.000 euros, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega dos bens, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou fornezan, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis ventaxosa.

- b) No caso de que a Entidade concerte a execución total ou parcial das actividades con persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, deberá solicitar previamente autorización expresa ao órgano concedente.

7.7. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

8. Xustificación.

8.1. O prazo para a presentación da xustificación rematará o 28 de febreiro de 2022.

8.2. As xustificacións deben presentarse a través da Sede Electrónica.

8.3. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

8.4. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

8.5. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustifico o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

8.6. Documentos que deberán aportarse á conta xustificativa:

- a) Anexo 6.- Modelo de xustificación. Abrangue:
- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na

concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Declaración de cumprimento de fins
 - Declaración de ingresos. Relación detallada de todas as subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, ou declaración responsable de non ter obtido ningunha, se é o caso. Se as subvencións solicitadas estivesen pendentes de resolución no momento de presentación da xustificación ante o Concello, as entidades deberán achegar dito dato no intre en que o coñezan, aínda que sexa posterior a dita xustificación.
 - Asemade, os ingresos que xere a propia actividade subvencionada ou outros ingresos afectados á mesma. Especialmente, en caso de que fosen subvencionados gastos de adquisición de bens destinados á venda (por exemplo, equipacións que deban pagar os deportistas), deberá facerse constar expresamente o ingreso obtido por dita venda.
- b) Anexo 7.- Certificación de gastos e acreditación da publicidade feita.- Deberá aportarse a documentación oportuna acreditativa de que as actividades subvencionadas foron publicitadas de acordo co disposto nesta convocatoria.
- c) Facturas orixinais de gasto ou outros documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa.

As retribucións a persoal técnico e dos/as monitores/as que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade, acreditaranse mediante facturas ou nóminas.

Os gastos correspondentes a voluntariado, conferenciantes ou monitores/as que colaboren coa entidade impartindo algunha actividade, curso, etc, poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta. Só se admitirán cando reflecta a correspondente retención do IRPF, e a repercusión do IVE, no seu caso.

- d) Os clubs de fútbol deberán aportar ademáis os documentos que sinalan no artigo 15.5 desta convocatoria.

8.7. Todos os documentos descritos deberán ter data do ano 2021 e deberán cumprir os requisitos esixidos pola normativa reguladora do I.V.E., o I.R.P.F. e de expedición de facturas.

8.8. No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse -no lugar das facturas coas que se xustificaran ditas subvencións- certificación da Administración que lla concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas, así como o período ao que se refiren os gastos.

8.9. Xustificación do pagamento dos gastos subvencionados:

- a) Deberán aportarse os seguintes documentos para xustificar o efectivo pagamento dos gastos xustificadas:
- No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.



- No caso de pagos con tarxeta de crédito.- resgardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
- b) Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € (IVE engadido), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.

9. Incumprimento das condicións.

9.1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros*.

9.2. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

9.3. En caso de que non fosen realizadas todas as actividades para as que se concedeu a subvención, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade concedida, que será proporcional á diminución do custe das actividades, tomando como base a previsión de gastos que se detallaban na solicitude.

10. Pago.

10.1. Unha vez aceptada a subvención, procederase ao pago anticipado do 100 por cento, reténdose o 40 por cento en concepto de garantía.

10.2. A garantía será liberada e aboada ao beneficiario no caso de xustificación da conta de conformidade.

11. Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE; aspectos desenvolto na Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente para a xestión e tramitación do expediente correspondente

12. Normativa reguladora.

A presente convocatoria rexerese, ademáis de polas normas expresadas na mesma, pola *Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros*; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que constitúen lexislación básica do Estado, de acordo co disposto na súa Disposición final 1ª; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en todo o demáis; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demáis normas de dereito administrativo e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

13. NORMAS ESPECÍFICAS APLICABLES ÁS ANPAS

13.1. Importe da convocatoria, aplicación orzamentaria e contías individuais.

Con carácter xeral, a contía das subvencións que se concedan non excederá de 25.000 euros por beneficiario.

13.2. Gastos subvencionables:

- a) Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos: Actividades extraescolares, viaxes culturais, festas conmemorativas e eventos de carácter socio-cultural ou deportivo.
- b) Serán gastos subvencionables os seguintes:
 - Gastos de persoal para a dirección, coordinación e monitorado das actividades.
 - Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
 - Material didáctico.
 - Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, etc).
 - Contratación de artistas.
 - Gastos de publicidade.
 - Gastos en material funxible específico para prevención do COVID
 - Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
 - Transportes.
 - Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
- c) Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables os derivados da organización de xantares, eventos gastronómicos, luz, auga, teléfono, adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, e outros de mantemento dos locais, así como os de limpeza, ou outros asimilables.

13.3. Órgano instrutor. O órgano instrutor será unha comisión coa composición seguinte:

Presidente: A Concelleira delegada de ensino e xuventude

Suplentes (por este orde):

A Concelleira delegada de deportes.



A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.

Vocais:

- O pedagogo municipal
- O coordinador de actividades educativas

Secretario/a: Unha auxiliar administrativa da Unidade Xurídica.

O *quorum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

13.4. Criterios de valoración:

Valorarás as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

- I. Pola realización de actividades de carácter permanente (ao longo do curso): Máximo de 30 puntos. Outorgarase 2,5 puntos por cada actividade.
- II. Por actividades de carácter non permanente (actividades periódicas ou puntuais): Máximo de 5 puntos. Outorgarase 1 punto por cada actividade aberta a todo o alumnado e 0,5 puntos por cada actividade dirixida exclusivamente aos socios.
- III. Polo alumnado participante nas actividades de carácter permanente: 30 puntos. Baremarase cada actividade ata un máximo de 30 puntos, e o resultado desta epígrafe será a media da puntuación acadada por todas as actividades.
 - Ata 15 alumnos/as: 3 puntos
 - De 16 a 25 alumnos/as: 6 puntos
 - De 26 a 50 alumnos/as: 9 puntos
 - De 51 a 75 alumnos/as: 12 puntos
 - De 76 a 100 alumnos/as: 15 puntos
 - De 101 a 125 alumnos/as: 18 puntos
 - De 126 a 150 alumnos/as: 21 puntos
 - De 151 a 175 alumnos/as: 24 puntos
 - De 176 a 200 alumnos/as: 27 puntos
 - Máis de 201 alumnos/as: 30 puntos
- IV. Calidade do proxecto.- 15 puntos
 - a) Pola repercusión das actividades na comunidade: implicación de membros de toda a comunidade educativa, doutras entidades, asociacións ou outros centros: 1 punto por actividade ata un máximo de 5 puntos
 - b) Pola inclusión no proxecto de actividades innovadoras: 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos
 - c) Por actividades de promoción da cultura galega ou de promoción do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural de Galicia: 1 punto por actividade ata un máximo de 4 puntos
 - d) Por actividades de integración do alumnado con diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais: 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos

- e) Por actividades que favorezan ou contribúan á integración do alumnado inmigrante ou socialmente desfavorecido : 0,5 puntos por actividade ata un máximo de 2 puntos

V. Utilización do galego.- 10 puntos.

- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada do monitorado co alumnado, nas comunicacións da ANPA coas persoas asociadas, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente.

VI. Financiamento da actividade.- 10 puntos

- Valorarase o nivel de autofinanciamento do programa ou actividade

14. NORMAS ESPECÍFICAS PARA ENTIDADES CULTURAIS, VECIÑAIS E SOCIAIS

14.1. Gastos subvencionables:

- a) Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos: Organización de actividades culturais: cursos, obradoiros, celebracións tradicionais, viaxes e intercambios culturais, eventos e festivais dos diferentes campos da cultura, conferencias, etc.
- b) Serán gastos subvencionables os seguintes:
- × Gastos de persoal para a dirección, coordinación e monitorado das actividades.
 - × Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
 - × Gastos de manutención e aloxamento en caso de intercambios de grupos folclóricos ou artísticos.
 - × Material didáctico.
 - × Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades (palcos, carpas, tarimas, amplificación, etc).
 - × Contratación de artistas.
 - × Gastos de publicidade.
 - × Gastos en material funxible específico para prevención do COVID
 - × Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
 - × Transportes.
 - × Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
- c) Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables: adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, gastos de mantemento ordinario: teléfono, luz, auga, etc., gastos derivados da organización de xantares (agás os gastos de mantenza sinalados no parágrafo anterior), eventos gastronómicos, ou outros asimilables.

14.2. Órgano instructor.- será unha comisión coa composición seguinte:

- Presidente: A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.
- Suplentes (por este orde):
- A Concelleira delegada de deportes.
 - A Concelleira delegada de ensino e xuventude.



- Vocais:
 - O programador cultural
 - A animadora cultural
- Secretario/a: Unha auxiliar administrativa da Unidade Xurídica.

O *quorum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

14.3. Contía das subvencións.

- ✕ Con carácter xeral, a contía das subvencións que se concedan non excederá do importe de 6.000 euros por cada entidade beneficiaria.

14.4. Criterios de valoración

Valoraránse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

I. Organización e desenvolvemento de actividades. Ata 30 puntos

- a) Organización e realización de actividades.- Ata 15 puntos en función do número de actividades:
 - Por actividades de carácter permanente (ao longo do curso). Máximo 10 puntos. 1 punto por cada actividade.
 - Por actividades de carácter non permanente (actividades periódicas ou puntuais). Máximo 5 puntos.
 - 0,5 puntos por cada actividade aberta ao público en xeral (festa reis, entroido, etc)
 - 0,2 punto por cada actividade con nº limitado de participantes (excursións, obradoiros puntuais, etc)
- b) Grupos artísticos dependentes da entidade, no caso de haber. Ata 10 puntos en función do número de persoas participantes:
 - ata 25 persoas sumando as diferentes formacións, 3 puntos.
 - entre de 26 e 50 persoas, 6 puntos.
 - máis de 50 persoas, 10 puntos.
- c) Actividades culturais tradicionais galegas.- Ata 5 puntos en función do número de persoas participantes:
 - Menos de 10 persoas.- 1 punto.
 - entre 11 e 25 persoas.- 3 puntos.
 - Máis de 25 persoas.- 5 puntos.

As puntuacións obtidas en calquera dos apartados a) e b) e c) serán acumulables entres si.

II. A coordinación e complementariedade cos programas municipais.- 20 puntos.

III.- Traxectoria e base social da entidade solicitante dentro do seu campo de actividade: ata 20 puntos; valorarase:

- a) Traxectoria da entidade: ata 8 puntos.
 - Ata 5 anos de actividade continuada, 1 punto.
 - Entre 6 e 10 anos de actividade continuada, 3 puntos.
 - Entre 10 e 15 anos de actividade continuada, 5 puntos.
 - Máis de 15 anos de actividade continuada.- 8 puntos
- b) Base social: ata 12 puntos.
 - Número de persoas asociadas á entidade:
 - entre 35 e 50 persoas.- 2 puntos.
 - entre 51 e 100 persoas.- 5 puntos.
 - entre 100 e 200 persoas.- 8 puntos.
 - Máis de 200 persoas.-12 puntos.

III. Utilización do galego.- 15 puntos. Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente.

IV. Financiamento da actividade.- Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade 10 puntos

V. Páxina web e redes sociais: a entidade conta con páxina web e perfís de redes sociais actualizados para a difusión e recollida de toda a actividade realizada: ata 5 puntos.

- 3 puntos se a entidade conta con páxina web propia. 1 punto por cada perfil en redes sociais. Indicarase o enlace á web e aos perfís. Caso contrario, non se contabilizará este apartado.

15. NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS ENTIDADES DEPORTIVAS.

15.1. Gastos subvencionables:

a) Poderán ser subvencionadas as seguintes actividades ou gastos:

- ✕ Organización de actividades deportivas: escolas, cursos, competicións, campus deportivos, etc, así como participación dos seus equipos ou deportistas en competicións oficiais.

b) Serán gastos subvencionables os seguintes:

- Custes de monitorado e adestradores/as das actividades ou cursos.
- Licenzas federativas.
- Mutualidades.



- Inscricións en competicións oficiais.
 - Arbitraxes.
 - Transporte para asistir a competicións ou actividades.
 - Manutención e aloxamento para asistir a competicións.
 - Material deportivo non inventariable.
 - Alugueres de instalacións para adestramentos ou competicións organizadas pola entidade solicitante.
 - Gastos en material funxible específico para prevención do COVID
 - Seguros de accidentes das actividades subvencionadas e de responsabilidade civil.
 - Material funxible empregado no desenvolvemento das actividades.
 - Gastos publicitarios.
 - Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.
- c) Non se considerarán en ningún caso gastos subvencionables: adquisición de materiais inventariables ou equipamentos de ningún tipo, gastos de mantemento ordinario: teléfono, luz, auga, etc., gastos derivados da organización de xantares (agás os gastos de mantenza sinalados no parágrafo anterior), eventos gastronómicos, ou outros asimilables.

15.2. **Órgano instrutor** .- Será unha comisión coa composición seguinte:

- Presidente: A Concelleira delegada de deportes.
Suplentes (por este orde):
 - A Concelleira delegada de cultura e normalización lingüística.
 - A Concelleira delegada de ensino e xuventude.
- Vocais:
 - O Técnico Municipal de Deportes
 - O Animador deportivo
- Secretario/a: Unha auxiliar administrativa da Unidade Xurídica.

O *quorum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres membros, sempre que entre eles se conten a presidente e a secretaria.

15.3. **Contía das subvencións.**

- a) Límites xerais:
- * Importe total destinado aos clubs de fútbol.- 35.000 euros.
 - * Importe total destinado ás demais entidades deportivas.- 45.000 euros
- En caso de que a cantidade total a conceder en calquera dos grupos –despois da aplicación dos criterios de reparto que se detallan a continuación- fose inferior ao sinalado como límite, a cantidade sobrante podería aplicarse ao resto das entidades deportivas, de acordo cos criterios de reparto que se establezan.

- b) Límites individuais: A contía das subvencións que se concedan non excederá de 6.000 euros por cada entidade beneficiaria.

15.4. CRITERIOS DE VALORACIÓN:

A) Entidades deportivas, agás clubs de fútbol:

Valoraránse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios, ata un máximo de 100 puntos:

- I. Número de fichas ou licencias. Ata 25 puntos. Valoraranse de acordo co seguinte baremo:
 - Por cada licenza de categorías base.- 0,15 puntos
 - Por cada licenza de categoría absoluta.- 0,08 puntos
 - Por cada licenza de categoría veteráns, fitness e outras: 0,05 puntos
- II. Interés social.- 15 puntos.
 - Valorarase o interés para o Concello do proxecto deportivo, interés social das actividades e coordinación e complementariedade cos programas municipais.
- III. Traxectoria e base social da entidade solicitante dentro do seu campo de actividade: ata 10 puntos; valorarase:
 - a) Traxectoria da entidade: ata 5 puntos.
 - Ata 5 anos de actividade continuada, 1 punto.
 - Entre 6 e 10 anos de actividade continuada, 2 puntos.
 - Entre 10 e 15 anos de actividade continuada, 3 puntos.
 - Máis de 15 anos de actividade continuada.- 5 puntos
 - b) Base social: ata 5 puntos.
 - Número de persoas asociadas á entidade.
 - entre 35 e 50 persoas.- 2 puntos.
 - entre 51 e 100 persoas, 5 puntos.
 - entre 100 e 200 persoas, 7 puntos.
 - Máis de 200 persoas.-10 puntos

A efectos de comprobación da veracidade dos datos declarados, poderase solicitar a presentación do Rexistro de Socios da entidade.

- IV. Nº de categorías con actividade.- 10 puntos. Valorarase o número de categorías con actividade competitiva federada que ten cada club, tendo en conta como referencia o número total de categorías que ten cada federación deportiva á que pertence.

A distribución dos 10 puntos realizarase en función das categorías do seu deporte que inscriban en competición, do seguinte xeito:

- O club que inscriba en competición ao 100% das categorías: 10 puntos.
- Entre o 90% e o 99% das categorías: 9 puntos.
- Entre o 80% e o 89% das categorías: 8 puntos.
- Entre o 70% e o 79% das categorías: 7 puntos.



- Entre o 60% e o 69% das categorías: 6 puntos.
- Entre o 50% e o 59% das categorías: 5 puntos.
- Entre o 40% e o 49% das categorías: 4 puntos.
- Entre o 30% e o 39% das categorías: 3 puntos.
- Entre o 20% e o 29% das categorías: 2 puntos.
- Entre o 10% e o 19% das categorías: 1 punto.
- Menos do 10% das categorías: 0 puntos.

V. Organización e desenvolvemento de actividades deportivas autóctonas ou tradicionais.- 10 puntos. Na liña co artigo 15 da lei do deporte de Galicia, Título III Capítulo I, e en apoio e fomento dos deportes autóctonos.

VI. Máximo nivel de competición do club.- 10 puntos. Valorarase a participación en competicións oficiais do seguinte xeito:

- Estatal: 10 puntos
- Autonómico: 7 puntos
- Provincial: 4 puntos
- Zonal/comarcal: 1 punto
- Atribuiranse os puntos en función do nivel das competicións nas que se chegou a participar na temporada 2020-2021. Non é necesario que todas as categorías dun club acaden ese nivel de competición; abonda con que se acade nalgunha das súas categorías.

VII. Autofinanciamento da actividade.- 10 puntos

VIII. Utilización do galego.- 10 puntos.

- Valorarase o uso do galego como lingua normalizada nas comunicacións da entidade cos seus asociados, usuarios, redes sociais ou medios de comunicación. Deberá acreditarse debidamente.

B. Entidades que se adiquen á práctica do fútbol.-

I. As contías a conceder terán un importe fixo para cada categoría en función da liga na que compitan.

Límites por categoría:

- × 1ª autonómica (aficionados): 2.200 euros.
- × 2ª división galega feminina: 2.200,00 euros.
- × 2ª autonómica (aficionados): 1.800,00 euros.
- × 3ª autonómica (aficionados): 1.600,00 euros.
- × Liga feminina fútbol 8 (A Coruña): 650,00 euros.
- × Autonómica 1ª e 2ª (xuvénis): 650,00 euros.
- × Autonómica 1ª e 2ª (cadetes): 550,00 euros.
- × Autonómica 1ª e 2ª (infantís): 550,00 euros.
- × Autonómica 1ª e 2ª (alevíns): 550,00 euros.

- ✗ Autonómica 1ª e 2ª (benxamíns): 550,00 euros.
- ✗ Autonómica 1ª e 2ª (prebenxamíns): 550,00 euros.

No suposto de que a cantidade total resultante da aplicación do baremo anterior fose superior ao límite sinalado, efectuaríase unha minoración proporcional das cantidades destinadas a cada club, ata que o importe total da concesión se equipare a dito límite.

Dado que o ano natural abrangue parte de dúas temporadas, os importes sinalados ratearase por 10 meses, de xeito que a contía da subvención calcularase en función das categorías nas que se compita entre xaneiro-xuño e setembro-décembro.

Nas tres últimas categorías só se concederá o importe correspondente a un segundo equipo cando a entidade acredite que ten federados como mínimo 24 deportistas na categoría.

15.5. Xustificación:

Ademáis dos documentos sinalados no artigo 8 desta convocatoria, os clubs de fútbol deberán aportar a seguinte:

- En caso de xustificar gastos cos pagos efectuados á Mutualidade, así coma os de arbitrxes, xunto con cada pagamento á federación, deberán aportar os boletíns de alta na Mutualidade que se inclúen no mesmo e as facturas de arbitrxes.

15.6. Penalizacións:

Os clubs que non acrediten a utilización do galego na publicidade e nas relacións cos usuarios/as, efectuaráselles unha rebaixa do 5 por cento do importe concedido, o que se fará efectivo na liquidación definitiva das cantidades que lles correspondan.

ANEXO 1- MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE OLEIROS PARA A PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA E O DEPORTE.

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
Nome	



CIF		Teléfono/s	
Enderezo			
Localidade		Código postal	
Nº de inscrición no Rexistro Municipal de Entidades			
Número de persoas asociadas á entidade			
Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións			

DATOS DA SUBVENCIÓN	
Presuposto das actividades para as que se solicita subvención	
Contía solicitada	
Actividades para as que se solicita subvención, ordeadas por prioridade:	
Prioridade	Actividade
1.	_____
2.	_____
3.	_____
4.	_____
5.	_____
6.	_____
7.	_____
8.	_____

DATOS DO/DA REPRESENTANTE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	
Relación coa Entidade			

DATOS BANCARIOS	
Entidade bancaria	
Nº de conta	

DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

NOME DA ACTIVIDADE/ SERVIZO/ADQUISICIÓN:	
PRIORIDADE Nº	
Descrición da actividade.	

Destinatarios. Interese e obxectivo que persegue	
Data/s de realización:	
Anos anteriores nos que se realizou	
Nº de participantes:	
Orzamento estimativo de gastos:	
Previsión de obtención doutras subvencións:	
Previsión de ingresos propios para a actividade	
Importe de subvención solicitada:	

Lugar e data	
Nome da persoa asinante	
Cargo na entidade	
Sinatura	

Cópiese esta folla tantas veces como sexa necesario

ANEXO 2- DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS SOLICITADAS PARA O MESMO FIN

DATOS DO/DA PRESIDENTE DA ENTIDADE



Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

A persoa asinante (Presidente), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para os mesmos fins para os que solicita a subvención perante o Concello de Oleiros, ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a promoción e difusión da cultura e o deporte- Ano 2021,foron solicitadas as seguintes subvencións:

ENTIDADE ANTE A QUE SE SOLICITOU	IMPORTE	ESTADO (concedida/denegada/pendente de resolución)

Lugar e data	
Sinatura (Presidente da entidade)	

ANEXO 3- CERTIFICACIÓN DA REPRESENTACIÓN E N° DE SOCIOS

DATOS DO/DA SECRETARIO/A DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

A persoa asinante (Secretario/a), CERTIFICA:

1. Que de acordo cos Estatutos da Entidade, a representación da mesma corresponde ao Presidente, D/D^a _____
2. (No seu caso) Que en data _____ foi designado/a como representante da entidade a efectos de tramitación desta subvención D/D^a _____ con DNI _____
3. Que a entidade sinalada contaba a data 1 de xaneiro de 2021 con _____ socios.
4. Que a entidade leva funcionando ininterrompidamente dende o ano _____

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e praxe do/a presidente da entidade

Lugar e data			
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente		Visto e praxe,

ANEXO 4- DECLARACIÓN E COMPROMISOS DA PRESIDENCIA DA ENTIDADE

DATOS DO/DA PRESIDENTE DA ENTIDADE	
Nome e apelidos	



N.I.F.		Teléfono/s:	
--------	--	-------------	--

A persoa asinante (Presidente), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que coñezo e acepto as bases reguladoras da presente convocatoria e que non estou incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 13 da Ley 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
2. Que a Entidade que represento se atopa ao corrente nas súas obrigas co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas necesarias a estas Administracións.
3. Que a entidade por min representada sométese ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Oleiros poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
4. Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Oleiros do xeito establecido na Bases e na convocatoria.
5. Que todo o persoal que por conta da entidade imparte, realiza ou colabora nas actividades que figuran na solicitude de subvención que impliquen contacto habitual con menores cumpre o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.
6. Que todos os datos contidos na presente solicitude son certos.

Lugar e data	
Sinatura do/a Presidente	

ANEXO 5.1.- ANPAS

DATOS DO/DA PRESIDENTE DA ENTIDADE

Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

Resumo do Proxecto de actividades

(Deberán figurar expresamente referencias aos aspectos a valorar segundo o artigo 13.4. IV (“Calidade do proxecto”))

Lugar e data			
Sinatura do/a Presidente			

ANEXO 5.2.- ENTIDADES CULTURAIS E VECIÑAIS

DATOS DO/DA PRESIDENTE DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	



A persoa asinante (Presidente), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE os datos relativos á entidade referida:

1º.- Grupos artísticos cos que conta a entidade:

<u>GRUPO</u>	<u>Nº de participantes</u>

2º.- Actividades tradicionais:

<u>Actividade</u>	<u>Nº de participantes</u>

3º.- Accións de Coordinación e complementariedade cos programas municipais (explicación)

Páxina web e redes sociais coas que conta (detallar URL dos enderezos)

--

Lugar e data	
Sinatura do/a Presidente	



ANEXO 5. 3. - ENTIDADES DEPORTIVAS (AGÁS FÚTBOL)-
CERTIFICACIÓN DE DATOS

DATOS DO/DA SECRETARIO/A DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

A persoa asinante (Secretario/a), CERTIFICA:

1. Que o Club conta co seguinte número de licenzas por categorías:

CATEGORÍA	Nº DE LICENZAS

2. Que o club conta coas seguintes categorías con actividade competitiva federada:

CATEGORÍAS EXISTENTES NA DISCIPLINA DEPORTIVA	O CLUB COMPITE NA CATEGORÍA (SI/NON)

3. Que o máximo nivel de competición que acadou na temporada 2020-2021 foi:

<input type="checkbox"/>	Estatal
<input type="checkbox"/>	Autonómico
<input type="checkbox"/>	Provincial
<input type="checkbox"/>	Zonal/comarcal

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e prace do/a presidente da entidade

Lugar e data	
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente Visto e prace,



ANEXO 5.4. – CLUBS DE FÚTBOL

CERTIFICACIÓN DE DATOS

DATOS DO/DA SECRETARIO/A DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

A persoa asinante (Secretario/a), CERTIFICA:

1º.- Que no período xaneiro-xuño 2021 (temporada 2020-2021), o club contou cos seguintes equipos:

Categoría	Nº de equipos	Liga na que compite

2º.- Que no período setembro-decembro 2021 (temporada 2021-2022), o club contará cos seguintes equipos:

Categoría	Nº de equipos	Liga na que compite

3°.- (No seu caso) Que o segundo equipo que se declara nas categorías alevín, benxamín e pre-benxamín, conta co seguinte número de deportistas federados:

Categoría do 2º equipo	Nº de deportistas
Alevín	
Benxamín	
Pre-benxamín	

O que se certifica a efectos de solicitar subvención ante o Concello de Oleiros, co visto e prace do/a presidente da entidade

Lugar e data		
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente	Visto e prace,



ANEXO 6 - MODELO XUSTIFICACIÓN

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DO/DA PRESIDENTE DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

I. Memoria da actuación.

1. Enumeración e descrición das actividades realizadas
2. Temporalización
3. Participantes
4. Resultados obtidos

II. Declaración de cumprimento de fins

Como representante da entidade **DECLARO**:

1º.- Que foron cumpridas as finalidades para as que se concedeu a subvención polo Concello de Oleiros para a promoción e difusión da cultura e o deporte, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2021, resultando acadados os obxectivos propostos.

2º.- Que as actividades que se detallan a continuación, subvencionadas polo Concello de Oleiros, foron realizadas na súa totalidade:

- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____
- ✓ _____

3º.- Que para a realización das actividades foron efectuados os gastos que se relacionan e obtidos os ingresos que se detallan nos cadros anexos a esta certificación.

III. Declaración de ingresos.

Como representante da entidade **DECLARO** que: (Marque unha das dúas opcións)

<input type="checkbox"/>	A entidade que represento non obtivo outros ingresos públicos nin privados para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros
<input type="checkbox"/>	A entidade obtivo as subvencións ou recursos (art. 30.4 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións) que se inclúen na táboa seguinte para o mesmo obxecto que o subvencionado polo Concello de Oleiros:

TÁBOA DE INGRESOS (relación individualizada)



Procedencia (Entidade concedente pública ou privada, usuarios, etc...)	Importe
Concello de Oleiros	
Ingresos xerados polas propias actividades	
Outros ingresos:	
TOTAL INGRESOS	

Sinatura

Este documento debe asinarse polo/a Presidente

ANEXO 7. Certificación de gastos

ENTIDADE	
CIF	

DATOS DO/DA SECRETARIO/A DA ENTIDADE			
Nome e apelidos			
N.I.F.		Teléfono/s:	

A persoa asinante (Secretario/a), CERTIFICA:

1º. Que os gastos xustificativos da subvención concedida polo Concello de Oleiros no exercicio 2021 son os seguintes:

Actividade 1:	
Xustificantes de gasto (numerar e sinalar nº do documento e proveedor): 1.1. Fra nº de 1.2. Fra nº de	Xustificantes de pagamento (numerar): 1.1'. 1.2'.
Actividade 2:	
Xustificantes de gasto (numerar): 2.1. Fra nº de 2.2. Fra nº de	Xustificantes de pagamento (numerar): 2.1'. 2.2'.
Actividade 3:	
Xustificantes de gasto (numerar): 3.1. Fra nº de 3.2. Fra nº de	Xustificantes de pagamento (numerar): 3.1'. 3.2'.
Actividade 4:	
Xustificantes de gasto (numerar): 4.1. Fra nº de 4.2. Fra nº de	Xustificantes de pagamento (numerar): 4.1'. 4.2'.



Xunto con esta relación de gastos deberán aportarse os correspondentes documentos xustificativos de gastos e pagamentos, numerados do mesmo xeito que na relación precedente. Todos os documentos deberán ter data do ano 2021.

2°. Que os devanditos gastos non foron presentados como xustificantes de gasto noutras convocatorias de subvencións.

3°- Que a concesión polo Concello de Oleiros dunha subvención para promoción e difusión da cultura e o deporte no ano 2021 foi publicitada do seguinte xeito:

	Publicación do anuncio na páxina web da entidade : (copiar URL ou enderezo web) desde ata
	Outros medios:

Lugar e data	
Sinatura do/a Secretario/a	Sinatura do/a Presidente Visto e praxe,